

## Física Re-Creativa: ClickOnPhysics"

**Presentado polo profesor do Departamento de Electrónica Javier Diz Bugarín, o profesor Benito Vázquez Dorrió, Doutor en Fisicas, profesor titular da Universidade de Vigo e Director da Escola de Enxeñaría de Minas, impartiu no centro a conferencia "Física Re-creativa: ClickOnPhysics". O profesor Vázquez Dorrió, investigador nos campos da Metroloxía Óptica e a Aplicación dos Láseres, tratou na súa exposición diversos temas como mecánica, óptica ou electricidade dende un punto de vista práctico mediante diversos experimentos feitos polos propios asistentes ("fundamentos do airbag" cun ovo e unha saba, fosforescencia cunha lámpada ultravioleta e un vaso de tónica, imaxes 3d con filtros ópticos e polarizadores) e tamén fixo unha introdución ós estudos universitarios aproveitando que o conferenciante é o director da ETSE Minas de Vigo. A charla estaba prevista para pouco máis de unha hora de duración pero alongouse ata dúas horas polo interese dos temas e a boa resposta do público asistente (alumnos de ciclo superior de electrónica e bacharelato tecnolóxico).**



